

A LENDA DO CEGO CASTREXO

Ao caer a noitiña, naquela fraga que acompañaba a corredoira que levaba ao castro de Castrelo, escoitábase un murmurio como se da melodía máis fermosa se tratase. Era como un encantamento dunha Deusa que detiña o paso dando a benvida á fraga.

Non había castrexo que non comentara o lecer e acougo que amosaba ao camiñar por onde o murmurio se escoitaba. Ao amencer aquela melodía deixaba de oírse e semellaba un soño, mais cando as estrelas asomaban, o soño envolvía de súpeto, a arborada.

O vello camiñaba de volta ao recinto, como outras tantas noites. Envolto na súa capa de lá para protexerse do frío por aquela zona húmida e arrimado a un leño que el mesmo fixera para axudarse na súa cegueira, apertaba o bidueiro que lle daba a benvida e así ía avanzando árbore a árbore ata pasar a ponte de pedra que cruzaba o pequeno regato. Mais, apertado

ao bidueiro, termaba do tempo, envolto por aquel arrollo.

Unha noite, guiado por aquel encantamento, o cego adentrouse na fraga aventurándose entre as árbores, só coa compañía do leño. As árbores guiárono ata a braña. O murmurio marcaba a dirección dos seus pasos. Ao chegar onde el cría que nacía aquel cantar, apartando a capa, axeonllouse entre os toxos e estirando a man, topou un buraco. Neses intres, o son apagouse e empezou a burbullar auga. O cego, puido ver como a auga medraba ata encher unha gran poza. Alzando a vista, por primeira vez, viu as estrelas e unha lúa, que aínda ser minguante, semellou a cousa máis fermosa que podía posuír o ceo. Non soubo canto tempo pousou ao rente da poza, levantándose algo atordado polo acontecido, intentou volver á congosta que o levaría ao castro, mais ao afastarse da fonte, o vello deixou de ver.

O murmurio da fraga deixara de ser compañía da

corredoira. As noites seguintes, continuaron sendo peregrinación do cego cara á fonte que lle iluminara os ollos para ver tanta fermosura. E noite tras noite, o cego era cego ata chegar á poza, ao tocar a auga recuperaba a vista e desfrutaba do fervellar daquela fonte, das estrelas e daquela lúa que ía cambiando de forma.

No castro empezou a falarse da ausencia daquel arrollo, e un desacougo empezou a anegar ás familias castrexas. O cego, sabendo que non podía contar o que cada noite estaba desfrutando, sabendo que se lle tomaría por tolo no poboado, decidiu buscar compañía para facer o camiño de volta aquela noite. Ao chegar á entrada da fraga, o vello empezou a desvelar o que alí lle acontecía. Ao ritmo que levaba o conto, paseniño avanzaba cara á braña. Ao chegaren á fonte, apartando a capa e axeonllándose, como parte do seu ritual, tocou a auga cos dedos e ollouna limpa e transparente como acostumaba. Saudou as estrelas e a lúa chea e

poñéndose en pé, comentou co acompañante o brillo da fibela que axustaba o seu pantalón de liño.

Os castrexos de Castrelo fixeron saber do acontecido aos da Escoitadoira, e aos de Bardaos, e a cantos vivían no val. A fonte converteuse na Deusa máis visitada de toda a contorna. De Deusa, a historia converteuna en Santa. O murmurio fixo que se lembre a fonte da Esperanza.

Irene Beceiro Galvo